

**Dirección Xeral de Formación Profesional  
Rede de CIFP**

**Modelo MD**

**Plan de Convivencia**

**Curso: 2022 - 2026**

**CIFP: Carlos Oroza**

# Índice.....

---

Introducción .....	3
Ámbito de aplicación .....	3
Axentes responsables .....	3
Análise do contexto .....	6
Contorno socio-económico.....	6
Características do Centro.....	7
Aspectos organizativos e curriculares:.....	7
Participación e relacións da comunidade educativa .....	8
Conflictividade e efectividade das actuacións desenvoltas.....	9
Concreción do plan de convivencia .....	9
Obxecto, fins e principios do plan .....	9
Obxectivos xerais .....	10
Obxectivos específicos.....	11
Actuacións, medidas ou programas .....	12
Normas de convivencia do centro.....	12
Protocolos e programas específicos.....	18
Protocolo de absentismo .....	19
Protocolo de identidade de xénero.....	19
Protocolo de Protección de datos .....	19
Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar.....	19
Protocolo de consenso sobre TDAH .....	19
Protocolo de Urgencias Sanitarias .....	19
Procedemento corrector de condutas .....	19
Actuacións anuais do plan de convivencia .....	19
Mecanismos de coordinación e colaboración no desenvolvemento do plan .....	21
Seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan .....	22
Difusión do plan .....	23

## Introdución

O plan de convivencia do centro é o documento no que se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica. A normativa actual da Comunidade Autónoma de Galicia referida á convivencia escolar, é dicir, a actual Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no seu artigo 10, fai mención ao plan de convivencia e normas de convivencia, indicando a súa inclusión no proxecto educativo de cada centro (PEC).

Así mesmo, o artigo 11 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establece que o proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O devandito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Xa que logo a Lei e o Decreto son posteriores ao Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o Regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e á Orde do 29 de xullo de 2011 pola que se desenvolve este, deberase entender que o Plan de Convivencia estará incluído no “Proxecto Funcional” dos CIEFP, e, en consecuencia, deberá ser aprobado polo Consello Social.

## Ámbito de aplicación

O disposto neste Plan é aplicable e debe ser respectado por todos os membros da nosa comunidade educativa: PAS, alumnado e nais/pais/titores-as legais dos menores, no seu caso.

As normas de convivencia do centro, incluídas neste Plan, logo da súa aprobación, serán de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa.

## Axentes responsables

Todos os membros da Comunidade Educativa son axentes responsables da convivencia escolar polo que deben participar na elaboración, desenvolvemento e avaliación do Plan e velar pola súa aplicación.

Ademais das funcións do Consello para a Convivencia Escolar de Galicia, recollidas no art. 10 do Decreto 8/15, dentro do CIEFP, interveñen na elaboración do Plan e das normas de convivencia os seguintes órganos coas seguintes funcións:

### Consello Social

- Elixir ás persoas representantes da comisión de convivencia de acordo ao establecido no artigo 8.2 do Decreto 8/15.

- Establecer directrices para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- Realizar anualmente o seguimento e a avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- Proponer actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.
- Aprobar o Plan de Convivencia e as modificacións do mesmo, xa que está incluído dentro do Proxecto Funcional.

### **Claustro**

- Realizar propostas para a elaboración do plan de convivencia e as normas de convivencia do centro.
- Neste sentido o borrador do Plan de Convivencia será presentado ao Claustro para consensuar os aspectos elaborados e proponer o modelo a presentar ao Consello Social.
- Participar na avaliación anual da convivencia do centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do plan de convivencia.
- Proponer actuacións de carácter educativo especialmente as relacionadas coa resolución pacífica dos conflitos.

### **Equipo Directivo**

- Impulsar as actividades previstas no plan de convivencia, así como velar pola realización de estas e polo cumprimento das normas de convivencia.
- Garantir as condicións para que exista no centro un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.
- Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen neste decreto.
- Correspóndelle a imposición das medidas correctoras así como velar polo cumprimento das mesmas por parte do alumnado

### **Órganos de coordinación docente**

Serán responsables de incorporar, no seu ámbito competencial, as medidas e os acordos adoptados no Plan e nas normas de convivencia.

A súa función principal será a de detectar e comunicar á Comisión de Convivencia ou ao Equipo Directivo a información que poida obter no exercicio das súas funcións e que estea relacionada coa convivencia e se observe relevante, así como facer propostas neste asunto.

## Comisión de Convivencia

Segundo o artigo 6 do DECRETO 8/2015, DE 8 DE XANEIRO POLO QUE SE DESENVOLVE A LEI 4/2011, DO 30 DE XUÑO, A comisión de convivencia ten carácter consultivo e exerce as súas funcións por delegación do Consello Social do Centro, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto na normativa vixente, neste plan de convivencia e nas normas de convivencia do noso centro.

### Composición

A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa.

O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados.

Será presidida pola persona titular da dirección do centro e un dos seus integrantes actuará como secretaria o secretario, e levantará acta das súas reunións

A súa composición ven regulada no artigo 6 do Decreto 8/2015 de Convivencia.

Bastará cunha soa persoa si esta acumula varias funcións (por exemplo, xefatura de estudos e representante dunha familia)

Desenvolve as seguintes funcións por delegación do Consello Social:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

### Normas para o funcionamento da Comisión de Convivencia: constitución, calendario de reunións

Terá, polo menos, tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros. Levantarase acta das súas reunións.

## Análise do contexto

A diagnose do centro fíxose baseándose na observación directa do comportamento e clima da comunidade escolar, así como na indirecta, a través da análise das enquisas elaboradas pola comisión para este fin, da análise das faltas de orde (informes do DIOP) e tamén da análise das SQR.

## Contorno socio-económico

A sociedade aumentou considerablemente a súa complexidade social e transformou os seus valores que apuntan á consecución de éxito e poder materiais, por encima de obxectivos e intereses de grupo, interpersoais e solidarios.

A familia modificou o rol que desempeñaba na socialización dos seus membros delegando ás veces noutras instancias, como o centro educativo, o ensino do comportamento interpersoal.

Ainda que as nosas ensinanzas son vocacionais, a situación de crise económica fai que exista unha porcentaxe do alumnado que se matricule nalgúns ciclos non tanto por vocación senón por ocupar o seu tempo e aumentar a súa formación mentres espera un traballo, o que ás veces afecta á súa motivación e, polo tanto, ao seu comportamento.

No caso do alumnado de FP Básica, esta circunstancia é mais patente ao tratarse de alumnado cun historial de fracaso escolar, xeralmente acompañado dun alto nivel de desmotivación.

## Características do Centro

O noso centro, situado nas aforas da cidade de Pontevedra, oferta formación en dúas familias de formación profesional: Hostalaría e turismo e Industrias alimentarias.

Alumnado: As características do noso alumnado son heteroxéneas en canto a idade e nivel socio-económico, etc. A súa procedencia é tanto do concello de Pontevedra, como dos concellos lindantes, ademais doutros de fóra da provincia.

Tamaño: O centro conta con aproximadamente 356 alumnos/as, 52 profesores/as e 12 PAS.

Oferta educativa: Impártense todos os niveis da FP regrada: básica, ciclos medios e superiores; no réxime ordinario, e na modalidade DUAL

Horario do Centro: O centro está aberto de 8:00 a 21:00 horas de forma ininterrompida, se ben a maior parte do profesorado ten principalmente horario de mañá.

## Aspectos organizativos e curriculares:

O concepto de CIFP nos leva a ubicarnos non centro con oferta unicamente de Formación profesional, na que contamos cunha dispoñibilidade horaria do profesorado insuficiente para atender correctamente as funcións relacionadas coa mellora da convivencia e xestión de conflitos. As limitacións do cupo fan imposibles moitas actuacións. Esta é unha das principais reivindicacións do Centro: o profesorado, especialmente dun CIFP, require menos carga horaria para cumprir todas as funcións que lle impón a normativa. Por isto é fácil non prestar a suficiente atención á convivencia pola carga horaria e porque o seu tratamento é transversal.

Detectouse que inflúen na convivencia a fixación dos horarios do profesorado, o uso compartido das aulas, o solapamento das ACF coas actividades lectivas, os problemas de comunicación nos períodos de matriculación.

Obsérvase tamén que en ocasións non hai uniformidade nos criterios da aplicación das normas de convivencia.

A inexistencia dunha hora de titoría presencial co alumnado nos Ciclos de Formación Profesional dificulta o tratamento da convivencia nas titorías.

A nivel curricular detéctase unha importante falta de formación do alumnado nas habilidades sociais básicas e problemas na comunicación, especialmente significativa no alumnado da FP Básica. A transversalidade no tratamento da comunicación e da adquisición destas habilidades detéctase claramente insuficiente.

A incorporación da FP Básica é, en sí mesma unha fonte de conflitos, especialmente pola excesiva ratio de alumnado por grupo dado o perfil deste alumnado caracterizado por falta de motivación, atraso escolar xeneralizado, e en ocasións, condutas conflitivas.

Tamén se detecta no profesorado necesidades formativas neste sentido, especialmente en canto a estratexias de resolución de conflitos.

Estamos a detectar a incorporación crecente de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, especialmente de alumnado con necesidades educativas con dificultades na comunicación e con diagnose dentro do Espectro autista (TEA) e con Trastorno por déficit de atención (TDA) e trastorno por déficit de atención e hiperactivade (TDAH), aspecto que nos esixe reflexionar sobre metodoloxías que se adapten as necesidades, tempos e espazos que debemos poñer a disposición para axudar a controlar a ansiedade e a frustración e podan reconducir as súas condutas positivamente cara a formación e a convivencia.

## Participación e relacións da comunidade educativa

### Alumnado

A participación do alumnado na vida do Centro, fóra das súas actividades lectivas é moi escasa, non sendo así no caso das actividades organizadas relacionadas coa súa formación: ACF, actividades de emprendemento, participación en concursos, etc.



Aínda que desde o Centro se impulsou a creación da Xunta de Delegados/as (non regulada para os CIEFP), a súa actividade é máis ben escasa. Desde o curso pasado se incorporou, de maneira experimental a figura de codelegado e codelegada, aumentando a dous os membros do grupo que representan e son portavoces en igualdade de funcións. Non se desenvolveron moitas posibilidades para enriquecer as proposta a nivel de centro, obxectivo para este curso.

En calquera caso o alumnado pode participar a través dos canles de comunicación que ten á súa disposición: portavoces, titorías e caixa de SQR.

### Profesorado

O profesorado participa en maior ou menor medida na elaboración da documentación do centro, aportando suxestións para a súa inclusión nos mesmos.

En xeral existe unha relación fluída entre o profesorado e o equipo directivo

### Familias

No noso caso, debido a que a maior parte do alumnado é maior de idade non existe unha gran participación das familias, excepto no caso do alumnado menor de idade ou non emancipado, así como no caso da FP Básica, cuxa participación é clave na continuidade das medidas propostas polo Centro relacionadas coa mellora da conduta dos seus fillos/as.

### PAS

O PAS vela activamente polo cumprimento das normas, constituíndo moitas veces, dada a boa relación có resto da comunidade educativa, unha vía de mediación e prevención de conflitos.

## Conflitividade e efectividade das actuacións desenvoltas

Desenvolvéronse distintas actividades relacionadas coa convivencia, especificadas anualmente na ADDENDA do Plan de Convivencia. En concreto, realizáronse nos últimos anos diferentes eventos que resultasen favorecedores da convivencia, como a celebración de conmemoracións do calendario escolar, saídas ACF e outras actividades.

Detéctase, especialmente no alumnado da FPB, que o comportamento, o clima da clase, as habilidades sociais e os valores, en xeral, son unha materia pendente, que é necesario abordar para conseguir unha educación integral, pero que polas características e número deste alumnado require máis tempo e dedicación por parte do profesorado do que dispoñemos actualmente.

Durante o primeiro trimestre realizaranse enquisas entre alumnado, profesorado e PAS có fin de coñecer a evolución da convivencia no centro e concretar futuras actuacións.



## Concreción do plan de convivencia

### Obxecto, fins e principios do plan

O plan de convivencia, que terá como referentes os fins e principios informadores da convivencia nos centros docentes, recollidos no artigo 3 da Lei 4/2011, que recolle aqueles principios consensuados pola comunidade educativa que rexerán todas as actuacións e intervencións.

En particular, a convivencia nos centros docentes orientarase aos seguintes fins:

- a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica axeitada ás súas funcións.
- e) A corresponsabilidade das nais e dos pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas, pupilos ou pupilas.
- f) A promoción da resolución pacífica dos conflitos e o fomento de valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.
- g) O avance no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

### Obxectivos xerais

Son obxectivos xerais do Plan de convivencia do centro (artigo 12 do Decreto 8/2015):

1. Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa promoción da cultura de paz, a prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
2. Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.

3. Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
4. Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
5. Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas
6. Facilitar a conciliación e/ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
7. Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
8. Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
9. Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e liberdades fundamentais.

## Obxectivos específicos

A partir dos obxectivos xerais no punto anterior establécense os seguintes obxectivos específicos:

- 1.1 Promover a formación permanente do profesorado en temas relacionados coa convivencia.
- 1.2 Recoller nas normas de organización e funcionamento do centro (NOFC) accións ou propostas de mellora da convivencia nos distintos espazos do centro (especial atención aos accesos, patios de recreo, zonas de xogo, servizos etc.), así como nos momentos de maior actividade (entradas, saídas, cambios de clase, recreos, etc.).
- 2.1 Coñecer a existencia das posibles problemáticas relacionais que existen na comunidade educativa (alumnado-familias-profesorado).
- 2.2 Establecer vías de sistematización das actuacións en materia de convivencia que se desenvolven no centro.
- 2.3. Revisión e adaptación dos documentos de organización e de xestión de xeito que favorezan o clima de centro.
- 3.1 Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e de aula.
- 3.2 Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.
- 4.1 Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo.
- 4.2 Proponer actuacións que fagan que as aulas e os centros sexan lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia.

5.1 Diseñar mecanismos que faciliten a análise das causas e das consecuencias das problemáticas detectadas, así como a prioridade na súa resposta.

5.1 Elaborar protocolos de notificación e actuación ante distintas situación contrarias á convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...).

6.1 Crear, formar e manter un equipo plural de mediación estable no centro, integrado por persoas representantes dos distintos sectores da comunidade.

7.1 Formar os diferentes membros da comunidade educativa en habilidades comunicativas e de relación: a linguaxe asertiva.

8.1 Prever, no plan de convivencia, as propostas de mellora da convivencia desde a perspectiva dos diferentes compoñentes da comunidade escolar (alumnado, profesorado, familias e persoal de administración e servizos).

8.2 Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e de aula.

9.1 Establecer as liñas básicas de colaboración e comunicación con outras institucións que contribúan á mellora da convivencia no centro: concello, bienestar, sanidade, xustiza, igualdade... e con outras organizacións non oficiais (ONG, fundacións...)

## Actuacións, medidas ou programas

### Normas de convivencia do centro

Todo membro da comunidade educativo do CIEFP Carlos Oroza (alumnado, profesorado, familias, membros do equipo directivo e do Consello Social, do Persoal de Administración e Servizos) está obrigado a realizar as accións necesarias para manter a convivencia no centro, de acordo cos seguintes principios:

- O respecto e a tolerancia cara outros membros da comunidade educativa.
- A non discriminación por motivos relixiosos, de sexo, políticos, étnicos ou de calquera outra índole.
- O diálogo como mecanismo básico de solución de problemas entre as persoas, o espírito democrático de participación activa e a cooperación.
- O respecto polo medio ambiente.
- O dereito á educación de todos os alumnos e alumnas.

O profesorado, no exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico. Polo tanto, cando exerza funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito nos documentos a tal efecto, teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais se é menor de idade.

Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares.



Ademais, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar.

As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación deste regulamento.

As condutas contrarias á convivencia no centro terán a seguinte clasificación:

- Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia
- Condutas leves contrarias á convivencia.

Cando un membro da comunidade educativa entenda que existen feitos que poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarllo á dirección, a fin da súa remisión á administración educativa e/ou ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.

O teléfono e a dirección de correo electrónico do centro estarán a disposición do alumnado e das familias para facilitar aos alumnos a comunicación ao centro de situacións de presunto maltrato, agresión, acoso ou intimidación.

### 1.1. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro docente:

- As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- As actuacións que constitúan acoso escolar.
- A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais do centro, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.



- Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos cando se é requirido para iso polo profesorado.
- A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- O incumprimento das sancións impostas.

## 1.2 Condutas leves contrarias á convivencia

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

- As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo anterior que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.
- Portar calquera obxecto, substancia ou produto perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo anterior.
- As faltas reiteradas de puntualidade.
- A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- A non devolución de fondos da biblioteca tomados en préstamo pasados 40 días.

Prescrición das condutas contrarias á convivencia

- As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia prescriben aos catro meses da súa comisión.
- As condutas leves contrarias á convivencia prescriben ao mes.

## 1.3 Medidas correctoras

As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.

En todo caso, na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes principios:

- Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.
- Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
- A imposición das correccións respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.

- Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

Como complemento das medidas correctoras, o departamento de información e orientación profesional poderá elaborar e desenvolver un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así mesmo, elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

#### 1.4 Procedemento conciliado de resolución de conflitos

Como primeira medida cando un profesor ou profesora dea conta por escrito da existencia dunha conduta contraria á convivencia por parte dalgún/s alumno ou alumna, este/s participará/n nunha sesión coa xefatura de estudos na que se analizará a situación descrita no parte de amoestación e se decidirá de modo consensuado a acción reparadora que deberá desenvolver o alumno ou alumna en cuestión. A esta sesión será citado o xefe do departamento de información e orientación profesional e poderá ser citado/a o titor/a do grupo do/a alumno/a.

Neste procedemento actuará como instrutor o xefe de estudos e, con carácter xeral, como mediador actuará o xefe do departamento de información e orientación profesional.

- No caso de menores de idade ou maiores de idade non emancipados, dependendo da gravidade da conduta, se informará á súa familia.
- O alumno/a asinará un compromiso de cumprimento da acción reparadora proposta polo xefe de estudos, que en calquera caso terá en conta os dereitos e a dignidade do/a alumno/a.

A finalidade deste procedemento será o de resolver tan pronto como se poda e da maneira o máis educativa posible a situación que deu lugar á amoestación.

- O xefe de estudos tomará nota das decisións adoptadas e do prazo de cumprimento da reparación, de ser o caso. Manterase informado en todo momento ao titor/a do grupo.

Como parte da responsabilidade do alumno/a, cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

Así mesmo, é de aplicación tamén o sinalado no apartado 3.1.4 respecto á reparación de danos causados a materiais ou instalacións do centro.

## 1.5 Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- Cambio de grupo.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Cambio de centro.

## 1.6 Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- Amoestación privada ou por escrito.
- Comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos.
- Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

### 1.6.1 Gradación das medidas correctoras

Para a gradación das medidas correctoras previstas nesta sección tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.

- A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.
- A natureza dos prexuízos causados.
- O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se tratase dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

Procedemento para a imposición das medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

As medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da tramitación do procedemento disciplinario regulado máis abaixo.

Corresponde acordar a incoación do procedemento ao director do centro docente, por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou da titora ou titor da alumna ou alumno ou do xefe de estudos, ou logo da denuncia doutros membros da comunidade educativa.

A incoación do procedemento notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como persoa instrutora. Así mesmo, comunicarase á inspección educativa.

No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, o director pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou por instancia do instrutor, como medidas provisionais o cambio temporal de grupo da alumna ou alumno ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a cinco días lectivos. A adopción de medidas provisionais notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade.

Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou alumno e, se é menor de idade, á nai ou pai ou á titora ou titor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta. No caso de incomparecencia inustificada, o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais, sen prexuízo do previsto no artigo 27 da lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa.

Realizado o trámite de audiencia, o director ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta da alumna ou alumno e impoñerá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos.

A resolución notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase á inspección educativa.

A resolución da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra esta resolución cabe instar a revisión ante o Consello Social no prazo de dez días lectivos nos termos previstos na alínea f) do artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Procedemento para a imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia serán levadas a cabo:

- Polo profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta ao xefe de estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) de entre as posibles nestes casos.
- Pola titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta ao xefe de estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) de entre as posibles nestes casos.
- Polo xefe de estudos ou o director do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) de entre as posibles nestes casos.
- Polo director, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h). A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas.

## Protocolos e programas específicos

Seguiranse os protocolos xerais establecidos pola Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa para os centros docentes dos niveis non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia

<b>Protocolo ante o acoso e o ciberacoso escolar</b>	<a href="https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2019/04/16/16b464128c0bc955268746343e9ddbcb.pdf">https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2019/04/16/16b464128c0bc955268746343e9ddbcb.pdf</a>
<b>Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo</b>	<a href="https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2019/04/16/cb3659911e6b0d753314972ba813337d.pdf">https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2019/04/16/cb3659911e6b0d753314972ba813337d.pdf</a>
<b>Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo</b>	<a href="https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/guiaviolenciaxenero_0.pdf">https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/guiaviolenciaxenero_0.pdf</a>
<b>Protocolo de absentismo</b>	<a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2016/03/10/ac4b0a973d230c117d2cef749c00d281.pdf">http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2016/03/10/ac4b0a973d230c117d2cef749c00d281.pdf</a>
<b>Protocolo de identidade de xénero</b>	<a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/identidade_de_xenero_caderno.pdf">http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/identidade_de_xenero_caderno.pdf</a>
<b>Protocolo de Protección de datos</b>	<a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_proteccion_datos_v1.0.pdf">http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_proteccion_datos_v1.0.pdf</a>
<b>Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar</b>	<a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_de_absentismo_escolar.pdf">http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_de_absentismo_escolar.pdf</a>

<b>Protocolo de consenso sobre TDAH</b>	<a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_de_consenso_sobre_tdah.pdf">http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_de_consenso_sobre_tdah.pdf</a>
<b>Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA)</b>	<a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2016/03/14/5b7a09f72e369a40b7d319634a159b49.pdf">http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2016/03/14/5b7a09f72e369a40b7d319634a159b49.pdf</a>
<b>Protocolo de Urgencias Sanitarias</b>	<a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/urxencias_sanitarias_e_enfermidade_cronica_a.pdf">http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/urxencias_sanitarias_e_enfermidade_cronica_a.pdf</a>
<b>Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe</b>	<a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2020/01/29/b1f7a5a38ba6d61c7692d3fff8ca53bd.pdf">http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2020/01/29/b1f7a5a38ba6d61c7692d3fff8ca53bd.pdf</a>
<b>Procedemento corrector de condutas</b>	<a href="https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/procedemento_corrector_mapa_v.2.pdf">https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/procedemento_corrector_mapa_v.2.pdf</a>

## Actuacións anuais do plan de convivencia

### Medidas que afectan á organización

1. Revisar as estratexias e procedementos de información, participación e toma de decisións utilizadas nos órganos unipersoais e colexiados do centro para mellorar as estruturas e canles de participación.
2. Establecer canles para a denuncia de situacións de acoso ou maltrato con garantía de confidencialidade: caixa de reclamacións, queixas e suxestións; taboleiro de denuncias e queixas vía telemática, correo electrónico de solicitude de axuda...
3. Nas primeiras semanas do curso dedicar tempo nas aulas ao traballo sobre as normas do plan.
4. Adopción de acordos entre o profesorado respecto dos criterios de esixencia de normas e tratamento da disciplina coa finalidade de manter unha liña de conduta coherente, uniforme e sistemática.
5. Esixencia do cumprimento das normas por parte do profesorado, con independencia de que sexa ou non titor, a todo o alumnado do centro naquelas situacións que o requiran.
6. Promover encontros, conferencias e obradoiros para a toda a comunidade educativa, orientados á construción dunha convivencia positiva.
7. Vixiar as zonas comúns (aseos, corredores, recreos, entradas e saídas...) e mellorar as zonas de ocio (organizar grupos de xogo...).
8. Programar nos respectivos departamentos/equipos o calendario de actividades que hai que desenvolver para o logro dos obxectivos propostos na concreción anual do plan de mellora da convivencia, planificando espazos, tempos, instrumentos de avaliación e recursos necesarios.
9. Adoptar estratexias organizativas que posibiliten a implicación de todo o profesorado nos labores titoriais.

### Medidas para mellorar a formación do profesorado

1. Incluir no plan anual de formación do centro actividades formativas, propostas desde os equipos de ciclo, relacionadas coas distintas medidas recollidas no plan de convivencia e que aglutinen o maior número de profesores e profesoras posible

### Medidas para mellorar as relacións interpersoais

1. Potenciar a participación de todo o alumnado nas actividades evitando as exclusións
2. Formular como obxectivo educativo aprender a traballar en grupo, planificando a súa consecución e valorando o seu logro nas avaliacións.
3. Potenciar o traballo en equipo do profesorado como modelo do traballo en equipo do alumnado e como medio para desenvolver un proxecto común de centro e desenvolver unha cultura de colaboración.
4. Proporcionarlle ao alumnado unha educación para a igualdade entre mulleres e homes e regular e explicitar nas NOFC do centro as medidas de corrección de comportamentos sexistas.

### Medidas de intervención directa ante problemas de convivencia

1. Elaborar un protocolo de actuación fronte aos conflitos na aula. – Documentación (folla de avaliación actitudinal ou rexistro ou partes de faltas/disciplina). – Actuacións do profesorado de aula. – Actuacións do profesorado titor e do departamento de orientación. – Actuacións do equipo directivo.
2. Rexistrar os conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión real da convivencia no centro que permita, fundamentándose na evidencia, introducir as modificacións necesarias para a regulación da convivencia do centro.
3. Aplicar a mediación como técnica de resolución de conflitos.
4. Incorporar a cultura restaurativa, incorporando a dinámica do círculo restaurativo ante malestar ou conflitos nos grupos, e como estratexia de mellora da cohesión social.

A modo de resumo, recolleamos a continuación as actuacións prioritarias que van encamiñadas a toda a comunidade educativa; primaranse as preventivas (tanto a nivel de centro, coma de aula, coma individualmente), pero haberá casos que sexan actuacións de intervención (corrección de situacións de convivencia non apropiadas, actuacións con alumnos/as reincidentes, problemas de conduta, situacións de acoso escolar, absentismo,...).

DENOMINACIÓN	TIPO	DESTINATARIOS	OBXECTIVO
Plan de acollida do alumnado de novo ingreso.	Prevenición	Alumnado.	Informar ao alumnado novo sobre o funcionamento xeral do centro e as normas de convivencia, aportándolles puntos de referencia e transmitíndolles seguridade e

			tranquilidade.
Difusión dos dereitos e deberes do alumnado e das normas de convivencia.	Prevenção (A nivel de aula)	Alumnado.	Concienciar ao alumnado dos beneficios para todos do respecto ás normas de convivencia.
Recollida de información do alumnado.	Prevenção	Alumnado	A) Atender necesidades do alumnado B) Detectar conflitos
Plan de acción tutorial.	Prevenção.	Alumnado	A) Axudar a un mellor coñecemento das propias capacidades, motivación e intereses. B) Facilitar recursos para que o alumnado poidan decidir o seu futuro. C) Facilitar a superación de hábitos discriminatorios de tipo sexista, racista, homófobos, etc.
Plan de actuación nos casos de absentismo	Intervención	Alumnado	-Detectar na maior brevidade posible os casos de absentismo. -Facer diminuír o nº de alumnos/as absentistas mediante actuacións coordinadas: Centro, Familia e outras entidades.
Programa de apadrinamento	Prevenção	Alumnado	- Establecer relacións entre iguais desde o compañeirismo e a solidariedade - Concienciar na cultura do respecto - Prever, detectar e resolver situacións conflitivas e de desigualdade
Programa de Habilidades Sociais e prevención da violencia	Prevenção	Alumnado	Mellorar as capacidades do alumnado con respecto á convivencia e axudar a saber actuar en situacións de conflitos.
Plan de actuación en	Intervención	Profesorado e	-Identificar e detectar os casos de acoso

caso de acoso escolar		alumnado	escolar e coñecer o protocolo de actuación.
Utilización da aula virtual, blogs, redes sociais e a web do centro	Prevenición	Alumnado	Aproveitar os recursos e motivación cara as novas tecnoloxías para fomentar a convivencia.
Plan de acollida do profesorado de nova incorporación ao Centro.	Prevenición	Profesorado	Favorecer unha rápida integración no funcionamento do centro. Propiciar o clima de confianza e colaboración axeitado para un mellor desenvolvemento das actividades docentes e a aplicación das normas de convivencia.
Difusión das normas de convivencia.	Prevenición	Profesorado	Mellorar a organización e efectividade da aplicación das normas de convivencia.
Fomento das relación entre profesorado.	Organización.	Profesorado	Mellorar o clima de traballo e convivencia entre o profesorado para motivalo a que participe nas actividades programadas e incentivalo na resolución de conflitos de maneira cordial e dialogada.
Profesorado titor de alumnado con necesidades educativas	Prevenición-intervención.	Profesorado	A) Intensificar as accións previstas no PAT de maneira personalizada para este alumnado. B) Atender ao alumnado que presenten déficits afectivos e sociais no seo familiar.
Sesión de presentación do centro as familias do futuro alumnado	Prevenición	Familias	Establecer un canal de coñecemento e información inicial entre as familias e o centro
Difusión das normas de convivencia e	Prevenición	Familias	Mellorar a colaboración e implicación das familias en todo o que respecta ao

funcionamento do instituto.			comportamento do alumnado no instituto.
Plan de comunicación co centro adscrito e as familias.	Prevención	Centros de primaria	A) Obter información dos novos alumnos/as para adoptar as medidas que eviten situacións conflitivas, e riscos derivados de enfermidades e/ou discapacidades. B)Facilitar ó novo alumnado a súa integración no centro coa colaboración das familias.
Plan de actuación na corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia	Intervención	Familias, profesorado e alumnado	-Actuar de forma coordinada en todos os casos de conflito. -Asegurar o esgotamento de todos os recursos dispoñibles antes de proceder á corrección mediante as medidas previstas no Plan de Convivencia.

### Medidas dirixidas á difusión do plan de convivencia e doutros documentos relacionados.

1. Presentación do plan de convivencia ao profesorado. – Realización dun claustro extraordinario para a presentación do plan de convivencia ao profesorado. – Entrega de carpetas informáticas que conteñan o plan de convivencia, as NOFC, o Plan funcional, o PAT, o PAD... (documentos relacionados). – Entrega dun documento resumo do plan de convivencia no que se expliciten fundamentalmente as normas, medidas correctoras e/ou reeducadoras e procedementos de actuación
2. Elaborar e implantar nos protocolos de acollida do profesorado de nova incorporación, os aspectos fundamentais do plan de convivencia e incluíndo na documentación entregada o documento resumo deste.
3. Presentación do plan de convivencia ao persoal de administración e servizos. – Realización dunha reunión para a presentación do plan de convivencia ao PAS. – Entrega de carpetas informáticas que conteñan o plan de convivencia, as NOFC, o Plan funcional, o PAT, o PAD... (documentos relacionados). – Entrega dun documento resumo do plan de convivencia.
4. Dar a coñecer entre o alumnado o plan de convivencia e as NOFC. – Desenvolver traballos de análise do plan de convivencia e das NOFC nas sesións de titoría presencial. – Propiciar

asembleas de aula e reunións de representantes do alumnado para analizar distintos aspectos do plan de convivencia e das NOFC.

5. Informar as nais e pais/titores legais nas reunións de inicio de curso sobre o plan de convivencia e NOFC, (entregando dípticos resumo) informando explicitamente en que lugar da aula virtual/Web se pode consultar

## **Mecanismos de coordinación e colaboración no desenvolvemento do plan**

Actuacións previstas para a consecución dos obxectivos, explicitando para cada unha destas as persoas responsables, os recursos dispoñibles e os procedementos que se deben seguir.

Actuacións conxuntas dos órganos de goberno e de coordinación docente do centro en relación co tratamento da convivencia neste.

Actuacións conxuntas dos equipos docentes do centro, en coordinación cos que exercen a orientación, para o tratamento da convivencia nos grupos de alumnos e alumnas. Actuacións da titora ou do titor e do equipo docente de cada grupo de alumnos e alumnas para favorecer a integración do alumnado de novo ingreso, tanto na aula como no centro.

Relación cos diferentes sectores institucionais e sociais do contorno que poidan participar no plan de convivencia, especificando o seu modo de participación e de colaboración.

Estratexias e procedementos para realizar a difusión, o seguimento e a avaliación do plan.

Actuacións da titora ou do titor e do equipo docente de cada grupo de alumnos e alumnas para favorecer a integración do alumnado de novo ingreso, tanto na aula como no centro.

Actuacións específicas para a prevención e o tratamento da violencia sexista, racista e calquera outra das súas manifestacións.

## **Seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan**

O equipo directivo dos centros docentes garantirá a participación na avaliación do plan de convivencia de todos os sectores da súa comunidade educativa.

A Comisión de Convivencia ten que elaborar unha addenda anual ao Plan para concretar as actuacións a realizar cada ano e incorporárala ao Plan anual.

Conforme á normativa, a Comisión manterá un mínimo de tres reunións ordinarias ao ano, unha por trimestre, e con carácter extraordinario tantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia o por proposta de polo menos unha terceira parte dos seus membros.

Na addenda anual concretarase o calendario de reunións, establecendo, de ser necesario, un número de reunións superior ao mínimo de tres anuais.

Nestas reunións valorarase o grao de cumprimento das normas de convivencia, das medidas correctoras e realizará o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

Dúas veces ao ano terá que dar contas ao Consello Social.

Ao finalizar o curso elaborará unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de

seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro que deberá aprobar a memoria, e, posteriormente, ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

Esta memoria formará parte da memoria anual do centro

## Difusión do plan

O plan de convivencia debe ser coñecido por todos os membros da comunidade educativa para o cal se realizarán as seguintes actuacións:

- Difusión na páxina Web do Centro de xeito que sexa accesible a familias, institucións e resto da comunidade educativa.
- Habilitar na Web un apartado de opinión, suxestións, etc. que favorezan a mellora da convivencia, para cada un dos sectores

Con respecto ao alumnado

- Dedicarase unha ou varias sesións de titoría a dar coñecemento do Plan de Convivencia, nos aspectos que máis lles afecten.
- As normas de clase, así como os dereitos e deberes do alumnado estarán expostos no taboleiro de anuncios das clases.

Con respecto ao profesorado

- Entregarase un exemplar do Plan de Convivencia ás xefaturas de Departamento.